



## RIDÍCULO NA BARQUEIRA

Toda unha serie de circunstancias racharon un encontro para non esquecer e refexionar sobre o acontecido.

A Barqueira 9 de outubro do 2010.

**NUMANCIA:** Tito, Álvaro (Ezra 75'), Amenedo, Jorge, Víctor (Brayan 65'), Juanra, Pablo (Ángel 60'), Coco, (Jony 46') Moabe (Dani 60'), Iván, Manu.

**COLEXIADO:** D. Víctor García Villaverde. Amonestou a Dani polo Numancia.

### GOLES:

1-0 / 1-1 / 2-1 / 3-1 / 3-2 / 4-2 / 5-2 / 6-2.

Os goleadores do Numancia foron de Manu e Brayan.

Pouco que contar do partido da 5ª xornada da Liga Xuvenil Local disputado nunha bonita tarde de outono en Cebarca.

Víronse ás caras dous equipos que na primeira metade amosaron o nivel parello que teñen, sendo o resultado ó descanso de 1-1.

Pero na segunda metade soamente existiu o equipo local, que ben por acertos propios ou erros numantinos endosou media ducia de goles ó Numancia.

Esto sucedeu debido a que a os de Ares faltáronlle cousas e outras sobraronlle na segunda metade:

- Falta de actitude.
- Falta de concentración.
- Grandes erros defensivos.
- 95% de pases errados, 5% acertados.
- Precipitación en ataque.
- Pouca efectividade ante a portería contraria.
- Mala sorte (2 goles en propia meta).
- Prepotencia (patadas a destempo, protestas, etc).

De todas estas cousas hai algunhas que son mellorables ou puntuais, xa que noutros partidos o Numancia amosou una mellor cara en moitas das facetas que hoxe faltaron.

O que **¡¡¡NUNCA!!!** se pode consentir nun equipo xuvenil, en un equipo que leva a camiseta da SDR Numancia de Ares e a falta de concentración cun empate no marcador, e moito menos a falta de actitude, o pasotismo e o derrotismo. Cando isto sucede un equipo como ó Cebarca, que sen desmerécelo, simplemente será un mais da parte media – alta da tabla nesta Liga e

capaz de meterche media ducia de goles. Esperemos que todos os xogadores e non xogadores, todo aquel que considere que forma parte do Numancia xuvenil tanto nas ledicias coma nas penas, nas victorias e nas derrotas, nos bos momentos e nos malos, debe estos días facer unha reflexión de porque sucedeu isto hoxe na Barqueira.

O bo de todo isto, e que coñecemos un Numancia moito mellor, que xa amosara unha boa faciana no que levábamos de liga. O bo do fútbol e que despois dun partido sempre vén o seguinte, e ista semana o temos xa o martes. E o mellor que lle pode pasar a este equipo, un partido ante un dos galiños da categoría, o Ánimas para intentar lavar a súa imaxe de hoxe e non perder moito de vista ós postos altos da competición. Pero para iso moito terá que cambiar a actitude do equipo, sexamos optimistas e sigamos confiando neste grupo de rapaces. Agora e o momento de levantarse, antes de que sexa demasiado tarde e a Liga convértase nunha travesía polo deserto sen rumbo, antes de que corramos o risco de que esta tempada fágase moi longa para todos. ¡¡¡Agora e o momento, e ¡¡¡PODEMOS¡¡¡

A primeira reacción ten que chegar xa este martes as 11:00 da mañá ante o Ánimas, o que nos enfrontaremos co apoio da fiel afición numantina en Prados Vello.

¡¡¡Contamos con todos vós, ¡¡¡necesitámosvos¡¡¡ Vémonos todos ó sábado en Prados Vello, agora e cando hai que ir, non nas finais de copa, etc. ¡¡¡Pasaremos lista¡¡¡

Hoxe mais que nunca:

¡¡¡AUPA NUMANCIA¡¡¡